



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Deixar sen efecto o nomeamento como persoal funcionario de carreira nunha (1) praza de auxiliar administrativo (OEP 2022 extraordinaria-estabilización)

ANUNCIO

Deixar sen efecto o nomeamento como persoal funcionario de carreira nunha (1) das seis (6) prazas de Auxiliar Administrativo, incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo, en quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso.

EXPEDIENTE: 2022/E001/0043 – AUXILIAR ADMINISTRATIVO

Por Decreto da Alcaldía núm. 3820/2024, de data 27/12/2024, resolveuse o seguinte:

«Primeiro.- **Tomar razón** do escrito presentado por D^a. **Gemma Isabel Ramírez García**, con DNI ***2504**, en data do 16/12/2024 e con rexistro de entrada núm. 202499900007035, e consecuentemente da súa vontade expresamente manifestada, a fin de cumprir co disposto na Lei de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, de **non tomar posesión dentro do prazo máximo legalmente estipulado a tal efecto (26/12/2024)** na praza de **Auxiliar Administrativo** (Grupo C, Subgrupo C2, Nivel 14; Escala Administración Xeral, Subescala Auxiliar), incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo, para a que foi nomeada como persoal funcionario carreira por Resolución da Alcaldía núm. 3407/2024, de data 19/11/2024.

Segundo.- **Deixar sen efectos o Nomeamento** como persoal funcionario de carreira nunha (1) das seis (6) prazas de **Auxiliar Administrativo** (Grupo C, Subgrupo C2, Nivel 14; Escala Administración Xeral, Subescala Auxiliar), incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo, en quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, de D^a. **Gemma Isabel Ramírez García**, con DNI ***2504**, resolto mediante Decreto da Alcaldía núm. 3407/2024, de data 19/11/2024, polo incumprimento dos requisitos esixidos para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira, constatado o **non perfeccionamento da condición de persoal funcionario de carreira polo incumprimento do requisito da toma de posesión esixido** ao efectos do disposto no artigo 62 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e no artigo 60 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, perdendo deste xeito todos os dereitos inherentes a dito nomeamento.

Terceiro.- Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor potestativamente recurso de reposición ante a Alcaldía do Concello de Carballo, no prazo dun (1) mes a contar dende o día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou ben, recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente da Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo de dous (2) meses a contar dende o día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, en concordancia co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso potestativo de reposición non poderá interpor recurso contencioso-administrativo mentres que aquel non se resolva expresamente ou produza efectos a súa desestimación por silencio administrativo. Sen prexuízo de que a persoa interesada poida interpoñer calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.»

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos oportunos.

En Carballo, 27 de decembro de 2024

O alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2024/9434